

## Cultura

Os boteiros de Viana do Bolo abren o V Grande Desfile da Máscara Ibérica,

# A forza do fulión to

ÁNGELES RODRÍGUEZ  
Lisboa (Portugal)

Desde a rúa Augusta, xusto antes de xirar cara a praça do Município, xa se escoita o potente toque do fulión que se cola entre o balbordo das rúas lisboetas. Son case as catro e media da tarde do 22 de maio e esta céntrica praça da capital portuguesa é un fervedoiro de antigas mascaradas chegadas de diferentes puntos da península ibérica e tamén de Irlanda. Monca en man, os boteiros, coas súas impresionantes pantallas de cores e a súa escura carauta de madeira, fan sitio entre a multitude aos bombos e aixadas. É a hora, o fulión ponse en marcha seguido, pola banda de gaitas deste concello ourensán. Viana do Bolo abría o V Grande Desfile Máscara Ibérica (organizado pola Associação para o Desenvolvimento do Turismo Cultural, Progestur) que nesta edición reuniu a 450 participantes que recrearon ata 16 rituais tradicionais de inverno nun percorrido que continuaba pola rúa Augusta e concluía na praça do Rossío.

Multitude de persoas seguían con atención esta serpe de mascaradas, que interaccionaban de maneira sorprendente co público enchendo o centro de Lisboa de ensordecedores e ancestrais sons, de olor a pólvora e mesmo do sabor de licores e sidra. Cada grupo escenificaba o seu ritual. Así os elegantes Guirrios de Velilla de la Reina (León) representando unhas singulares corridas cos touros, mentres as máscaras zamoranas tomaban tamén a rúa de moi diversas formas. Así a Vaca Bayona de Almeida de Sayago e a Vaca Antrueja de Peruela de Sayago investían coa súa cornamenta ao



FOTOS: CARLOS G. HERVELLA

público. Ademais os diversos personaxes dos Carnavais de Villanueva de Valrojo trataban de enganchar aos espectadores coas súas longas tenzas de madeira. Xunto a eles, desfilaron tamén a Filandorra de Ferreras de Arriba e o Pajarico e o Caballico de Villarino Tras la Sierra

Por segunda vez despregouse en Lisboa a forza ancestral da Vianera de Silió (Cantabria) con numerosos personaxes de abraiantes indumentarias, entre eles o oso, que veñen a simbolizar a prosperidade do novo ano. A participación española neste V Grande Defile Máscara Ibérica completábase cos sidros e a Comedia de Valdesoto e os Reises de Valledor (Asturias) e coas Carantoñas de San Sebastián de Acehúche (Cáceres).

Tampouco faltaron as mascaradas do norte e do centro de Portugal da man dos Caretos de Lazarim



O fulión de Viana do Bolo e a banda de gaitas deste concello, no V Grande Desfile Máscara Ibérica.

(Lamego), os Caretos de Podence (Macedo de Cavaleiros), os Máscaros de Vila Boa (Vinhais) e os Caretos de Lagoa (Mira) que perseguían ás mozas ao longo de todo o percorrido para facelas partícipes dos seus rituais. Tamén puido verse ao Chocalheiro de Bemposta (Mogadouro). E, por primeira vez

## Un programa máis forte e rico

O Festival da Máscara Ibérica é un xeito de amosar a tradición das mascaradas peninsulares, pero tamén unha forma de promoción turística. Así o entende Hélder Ferreira, presidente de Progestur, que fai un balance moi positivo da quinta edición deste evento internacional. “Tivemos un programa moito máis rico e forte todos os días, con espectáculos de música, coas carpas da Mostra Regiões e coas gastronomías de Zamora e Cáceres”.

Ademais este ano “apostamos por un desfile máis pequeno, pero máis diversificado, con representación de España e Portugal e tamén dun grupo de Irlanda, porque nós formamos parte do programa europeo “Masques & Mascarades”, que inclúe a cinco países europeos, o cal nos permite o intercambio cultural con eses países e con eses grupos. Este ano veu un grupo de Irlanda e é posible que no 2011 veña tamén un de Italia”.

Ferreira lamenta



Hélder Ferreira, presidente de Progestur.

que Galicia, a zona coa representación máis numerosa noutras edicións, diminuíra neste ano a súa participación coa asistencia só de Viana do

Bolo. “Galicia é moi importante, ten grupos moi fortes e teríamos gustado poder contar con máis presenza, pero por cuestións económicas no puido ser. O Inorde non mostrou interese este ano en estar presente, e na Deputación e na Administración autonómica non nos contestaron ao que lle pedíamos que tan só era que se fixeran cargo do transporte dos grupos. O alcalde de Viana decidiu traer transporte propio e para nós é un pracer telos aquí”.



As máscaras dos Carnavais de Villanueva de Valrojo (Zamora), en acción.

# Cultura

un encontro internacional de 16 mascaradas

# Zamora Lisboa

nesta edición, o desfile trascendeu a xeografía ibérica xa que nel participou *The Mumpers*, un grupo do norte de Irlanda.

Os vianeses foron os únicos representantes galegos, fronte a outras edicións nas que Galicia era a zona con máis grupos. “Somos conscientes de que a crise é grande, pero fixemos un esforzo para estar aquí. O

Os caretos de Lagoa (Portugal) nas súas carreiras ameazantes e burlonas (foto superior). Abaixo, un dos guirrios de Velilla de la Reina (León) erguendo unha moza por riba da cornamenta do touro,

FOTOS: CARLOS G. HERVELLA



que si notamos é que había pouca presenza de Galicia, aínda o noso grupo era grande, de 62 persoas, e penso que deixamos o pavillón moi alto. Ademais déronnos a honra de abrir o desfile”, comentaba o alcalde de Viana, Andrés Montesinos.

Este desfile era o acto central do Festival Internacional da Máscara Ibérica que se celebrou entre o 20 e o 23 de maio en Lisboa, cun amplo programa que incluía a Mostra das Regiões. A feira contou cunha ducia de expositores promocionais de zonas españolas como Zamora, Palencia, Cantabria, Cáceres, así como lusas (Mogadouro, Macedo de Cavaleiros, Aldeais do Xisto, etc.) nos que se puido degustar produtos destes lugares e descubrir a súa artesanía e oferta turística.

Coidouse asemade o apartado gastronómico cunhas xornadas adicadas á provincia de Cáceres no restaurante “Casa do Leão” e de Zamora no restaurante “Terraço” no Hotel Tívoli. Ambas provincias tiveron tamén os seus días temáticos no festival. Houbo tamén no Rossio un ciclo de concertos que trouxo a música de Cerandeo, Xera, Tanira e Roncos do Diabo.

Ademais a voz do Entroido vianés volvía encher a praça do Rossio na mañá do 23 de maio, o derradeiro día do festival. Tamén esa mesma mañá a banda de gaitas ofrecía alí un concerto.



FOTOS: CARLOS G. HERVELLA

A tradición irlandesa das Mumpers, no seu percorrido polas rúas de Lisboa.

## As Mumpers de Irlanda

# O único grupo de fóra da península

ÁNGELES RODRÍGUEZ  
Lisboa (Portugal)

A simboloxía do cambio da estación, da derrota do inverno fronte á primavera, da luz fronte ás sombras, da vida fronte á morte plásmase nas *Mumpers*, unha antiga tradición das zonas rurais do norte de Irlanda que estivo presente por vez primeira no V Grande Desfile Máscara Ibérica en Lisboa. As *Mumpers* aparecen pola aldea tres semanas antes do Nadal vestidas con tecidos de palla e cun pucho en forma cónica do mesmo material. O ritual da mascarada inclúe a representación dun combate entre dous héroes (Sir George de Inglaterra e o Príncipe Patrick de Irlanda) e cando un deles cae ao chan, iso simboliza a victoria da vida, o renacemento, a chegada da primavera. As *Mumpers* percorren o pobo unha semana despois do Nadal tocando, bailando e chamando en cada unha das casas para levarlles aos seus habitantes boa sorte, saúde e prosperidade de cara ao novo ano. E tamén recollendo os donativos dos veciños: comida, bebida e diñeiro.

A denominada “mumming season” conclúe en xaneiro cunha cele-

bración final, na que se queiman as vestimentas de palla.

“As *Mumpers* son as mensaxeiras da boa sorte, sempre traen á casa prosperidade, vida, saúde...”, asegura Jim Ledwith, representante de *The Mumpers Foundation*, unha entidade que está a traballar para recuperar esta anerga expresión irlandesa e amosala ás novas xeracións e tamén fóra das fronteiras do país a través da súa participación en eventos como o desfile de Lisboa.

Neste senso, forman parte do programa europeo “Masques & Mascarades. Multiple Faces of Europe”, xunto co Centro Internazionale Ethnostudi de Assenini (Italia), Progestur (Portugal) e a International Floklöre Festival Foundation de

Veliko Tarnovo (Bulgaria). Teñen amosado a súa tradición en Bulgaria, Cerdeña, Francia, Alemaña, América... pero era a primeira vez que este grupo (integrado por persoas de diferentes rexións de Irlanda) acudía a Lisboa, unha experiencia que valoran de maneira moi positiva especialmente, “pola convivencia con grupos de España e de Portugal, o que nos permite ter novas experiencias a través das mascaradas e establecer conexións”, continúa Ledwith.

Jim Ledwith, representante de *The Mumpers Foundation*.



## Zamora, máscaras e gastronomía

CARLOS G. HERVELLA

Queremos que en España Zamora sexa o referente do Desfile Máscara Ibérica. Por iso estamos traballando para organizar unha copia en pequeno no desfile de Lisboa en Zamora antes de que acabe o ano”. José María Barrios, delegado da área de Turismo na Deputación de Zamora, facía o anuncio no día adicado a esta provincia española no Festival da Máscara Ibérica en Lisboa. Ademais de participar con catro mascar-

radas no desfile do día 22, Zamora fíxose presente do 20 ao 23 de maio neste encontro internacional cun expositor dobre na Mostra das Regiões (no que houbo degustacións de queixo zamorano e de viños das súas denominacións de orixe) e cunhas xornadas gastronómicas, por segundo ano consecutivo, no restaurante “Terraço” do Hotel Tívoli da capital lusa. Durante tres días foi posible saborear pratos como arroz á zamorana, bacallau “á tranca”,



José María Barrios, durante as xornadas gastronómicas.

polbo á sanabresa ou perdiz da “Terra de Campos”, entre outros, elaborados polo chef Pedro Luis Toribio. “Con isto pretendemos amosar os nosos produtos e a

nosa cociña para que se coñezan en Lisboa e noutras partes da península. Temos unha gastronomía moi rica e moi bos cociñeiros”, sinalaba José María Barrios.